



## Non máis abusos das mutuas Queremos sanidade pública!

O lesivo acordo para a reforma das pensións pactado polo Goberno español no diálogo social con CCOO, UGT e a patronal estatal, alén de non garantir o acceso a unha xubilación digna para toda a clase traballadora, aposta por darlle máis poder ás mutuas e que estas axencias privadas poidan xestionar as baixas por doenzas músculo-esqueléticas.

Dende o primeiro momento, a CIG manifestou a súa oposición frontal porque se afonda na privatización da sanidade pública, desviando os recursos a estas entidades, e porque as mutuas xa son, a día de hoxe, un instrumento de abuso enorme a prol dos intereses da patronal.

Neste contexto, a central nacionalista mobilizouse o 4 de decembro nos edificios da Xunta das sete cidades e mais en Vilagarcía, para reclamarlle ao Goberno galego que non subscriba acordos de colaboración para transferirles ás mutuas competencias que son propias do SERGAS.

“Está en risco a atención á saúde das persoas traballadoras”, advirte o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, pondo a énfase en que as mutuas actúan baixo criterios puramente economicistas e chamando á mobilización para frear na rúa e na negociación colectiva os abusos das mutuas.

Lembra que no V Acordo de negociación colectiva asinado entre a CEOE e as centrais españolas en 2023, xa se recomendaba promover acordos coas administracións para reducir a duración das baixas, asumindo a falacia do elevado absentismo. “Preténdese culpabilizar as persoas



traballadoras por estaren enfermas, cando é o sistema laboral e de xestión das mutuas o que falla”, critica.

### Máis privatización

Como a sanidade é unha competencia transferida ás Autonomías e os acordos do diálogo social non teñen rango de lei, para que en Galiza as mutuas poidan xestionar os procesos de IT e as patoloxías derivadas de enfermidades músculo-esqueléticas, a Consellaría de Sanidade tería que subscribir convenios de colaboración con elas.

A CIG xa mantivo varios encontros coa Xunta para demandarlle que non asine este tipo de convenios e dote de recursos suficientes a sanidade pública para garantir a atención nesta materia, porque esta medida de recorte promovida na concertación social e abrazada con entusiasmo polo Executivo estatal, posta en man do PP na Xunta, pode multiplicar os seus efectos negativos. “Estáselle facilitando ao PP unha nova ferramenta para avanzar na política de desman-

telamento e privatización da sanidade pública galega, contra da que levamos anos loitando”, asevera Carril.

O secretario xeral sinala que, aínda que a Xunta se limita a dicir que está estudando o convenio que lle remitiu o Goberno español, o certo é que no mes de agosto xa aplicou unha modificación normativa co obxectivo de intensificar as citacións na Inspección Médica para revisar moitos expedientes de baixas laborais, “sobre a base dunha gran mentira: que o absentismo é un mal que hai na clase traballadora que impide o emprego”.

Denuncia que o recente acordo de pensións endurece o acceso á xubilación parcial e non recoñece coeficientes redutores para a xubilación anticipada aos colectivos laborais que padecen condicións de especial penosidade, perigosidade ou toxicidade, “pero preténdese pór as persoas a traballar cando non están en condicións de saúde e por enriba facendo negocio para as entidades que van xestionar esas doenzas, que son as mutuas”.

# O persoal da automoción galega fai historia coa primeira folga no sector a nivel estatal

A histórica xornada de folga convocada pola CIG o pasado 28 de novembro para reclamar medidas urxentes ante a grave crise que atravesa a automoción galega tivo un seguimento notable por parte das persoas traballadoras do sector, que deron unha "auténtica lección de unidade, de forza e de dignidade" en defensa do emprego e dunhas condicións laborais dignas.

A repercusión do paro, o primeiro convocado no sector do automóbil tanto en Galiza como a nivel estatal, xa se fixo evidente nas quendas de noite, até o punto que empresas como BorgWarner en Vigo, Treves en Pontevedra e Faurecia en Ourense estiveron practicamente paralizadas por falta de persoal. Noutras, aínda que o seguimento foi menor, a produción tamén se resentiu, así como a actividade das distintas contratas (limpeza, mantemento, loxística, etc).

Nas quendas de mañá e tarde a situación volveu repetirse e a participación foi elevada, como así o evidenciou a masiva manifestación rexistrada en Vigo e as concorridas protestas en Pontevedra e Ourense que tiveron lugar pola mañá.

Dende a CIG-Industria valoran moi positivamente a ca-

pacidade de loita do persoal, "que é consciente dos desafíos aos que se enfronta a automoción e entendeu a necesidade de pasar á ofensiva contra a precarización das súas condicións laborais". Fan fincapé en que a folga chegou despois de numerosas mobilizacións, reunións, asembleas e labor de socialización –tanto nas rúas como nos centros de traballo– alertando das ameazas que enfronta o sector. E lembran que a convocatoria en solitario responde a que o resto de sindicatos



"escóndense tras comunicados e redes sociais, pero traballo sindical e iniciativas mobilizadoras, cero".

Ao mesmo tempo, inciden en que son as empresas e as Administracións central e autonómica as que someten as persoas traballadoras a unhas "durísimas" condicións laborais e sociais, "mentres os fabricantes de automóviles aumentan os seus beneficios

e a clase traballadora sofre perda de poder adquisitivo e de dereitos e precariedade laboral, porque o plan da UE e das empresas non é outro que facer que as persoas traballadoras asuman os custos da transición ao vehículo eléctrico, que suporá o peche de plantas".

A isto hai que sumar a "inoperancia" do Goberno galego en política industrial, "sendo a Xunta marioneta das transnacionais do automóbil, sen ningún tipo de criterio e deixando o futuro da súa poboación ao azar das decisións dos consellos de administración das grandes empresas".

Por iso censuran que o presidente galego veña de anunciar axudas millonarias ao sector "pero non diga nada de manter os postos de traballo,

de reducir a precariedade, de acabar coa desregulación da xornada, de non admitir máis ERTE fraudulentos, nin de rematar coa contratación a través das ETT, empresas multiservizos e centros especiais de emprego". E que tampouco fale de esixir que os proxectos que subvenciona con diñeiro público se desenvolvan en territorio galego.

"Vemos como miles de millóns de euros dos fondos europeos se adjudican ao mandato das multinacionais e non dos intereses da clase traballadora. E a día de hoxe aínda non sabemos o plan industrial que se vai aplicar nos vindeiros anos. Pero si sabemos que se lles vai dar máis diñeiro público a cambio de nada".

Entenden que o futuro do sector pasa por rematar coa deslocalización, coa precariedade e cos baixos salarios. "As empresas do sector teñen que deixar vivir e conciliar a vida laboral e familiar. E as axudas directas á compra de vehículos teñen que ter o mesmo orzamento que as axudas para o persoal afectado por períodos de inactividade".

Finalmente, chaman a continuar na loita e na mobilización nas empresas e na rúa para revertir esta tendencia e para lograr erradicar do sector termos como "precarización, explotación, deslocalización e reconversión".



# As persoas traballadoras de Maitours logran que a empresa lles aplique o convenio provincial

Dende o 1 de decembro os traballadores e as traballadoras de Maitours están cobrando polas táboas do convenio provincial do transporte de viaxeiros/as por estrada. Chegar a un acordo e doblar a negativa de Alsa (propietaria da empresa) a atender as demandas sociais só foi posíbel grazas á durísima loita sostida polo persoal e á súa exemplar capacidade de resistencia.

Foron máis de catro meses en folga indefinida pelexando contra o inmovilismo patronal, o abandono das administracións, a lentitude da Inspección de Traballo, o boicot da Xunta á folga impondo uns servizos mínimos desproporcionados e o pasotismo do Concello de Ferrol, malia o impacto do conflito na prestación do servizo de autobuses metropolitano.

Agora, o acordo asinado, que reconece tamén o pagamento da antigüidade recollida no convenio do sector, supón rematar coa discriminación que viñan padecendo os traballadores e traballadoras de Maitours aos que se lles aplicaba o convenio da extinta



Tranvías de Ferrol, de condicións moi inferiores ao marco provincial.

O responsábel de Transportes da FGAMT-CIG, Xesús Pastoriza, pon en valor a loita destes compañeiros e compañeiras, que tiveron que ir aos xulgados e iniciar un longo conflito para lograr algo tan básico como “que a empresa cumpra coa legalidade”. Hai que lembrar que o ET establece que un convenio de empresa non pode ter salarios por debaixo do convenio sectorial de referencia.

Por iso, Pastoriza tamén apunta á irresponsabilidade das administracións, nomeadamente a Xunta, á hora de garantir os dereitos da clase obreira, máis aínda no caso dunha empresa como Alsa que ten adxudicado un contrato para a prestación dun servizo público e que se negou durante meses a sentar sequera a negociar.

Pastoriza matiza que, en todo caso, a sinatura do acordo non supón a renuncia do persoal a continuar coas súas lexítimas reclamacións na vía xudicial.

## Convenios “aquí e non en Madrid”

Delegados e delegadas do sector da Construción iniciaron mobilizacións diante da sede da Federación Galega de Construción (FEGACONS) para exixirille á patronal a negociación dos convenios en Galiza.

Agora mesmo os convenios están suxeitos ao ditame de Madrid e ao que negocien tanto a patronal madrileña como os sindicatos estatais, CCOO e UGT. Un marco que lamina a capacidade de presión das traballadoras e traballadores para conseguir unhas mellores condicións laborais.

A CIG-Construción defende que o convenio galego prevaleza sobre o estatal, un dereito recoñecido tras do recente cambio legislativo aprobado no Congreso, segundo o que os sindicatos e asociacións empresariais que

reúnan os requisitos de lexitimación “poderán negociar convenios colectivos e acordos interprofesionais de comunidade autónoma”.

A federación de Construción exige ese recoñecemento para que non volva acontecer o que ocorreu co convenio de Pontevedra, no que se melloraban as condicións respecto do estatal mais que a patronal estatal botou abaixo amparándose en que son materias reservadas.

### Convenio de Químicas

No mesmo sentido, delegados e delegadas do sector de Químicas concentráronse tamén diante da Confederación de Empresarios de Galiza (CEG) para solicitar unha xuntanza coa representación da Federación Empre-

sarial Galega da Industria Química, co fin de explorar a posibilidade de iniciar a negociación dun acordo galego, dándolle prioridade aplicativa.

O convenio estatal da Industria Química foi asinado en novembro por FEIQUE e CCOO, a tres anos, cun incremento salarial do 3% para cada ano, sen cláusula de revisión do IPC real, e nin sequera avanza na redución de xornada.

A sinatura produciuse sen confrontación de ningún tipo coa patronal e de costas ao conxunto das traballadoras e traballadores. Nun convenio negociado en Galiza a CIG pularía polo conflito porque sen a loita, nin a participación directa das traballadoras e traballadores, non hai mellora das condicións laborais.

# ‘Liberar a galega’, máis necesario que nunca

## O PP utiliza a CRTVG como aparello de propaganda

O Partido Popular utiliza a CRTVG como aparello de propaganda para distorsionar a realidade galega, manipular a opinión pública e perpetuarse así no poder. As traballadoras e traballadores veñen denunciando esta situación desde hai anos. O control e a censura informativa é tan abafante que a CIG impulsou, canda outras organizacións sindicais, políticas, culturais e sociais que se uniron para este fin, a presentación dunha Iniciativa Lexislativa Popular “Liberemos a Galega”, que supera xa as 10.000 sinaturas necesarias, para levar esta denuncia ao Parlamento de Galiza.

Porén, lonxe de escoitar o clamor social “por unha CRTVG ao servizo do pobo”, e aos centos e centos de persoas que saíron á rúa en manifestación o pasado 30 de novembro, a Xunta de Galiza remitiu o seu proxecto de Lei de medios ao Parlamento como resposta. Un texto feito a medida das necesidades do goberno de Rueda para seguir controlando a Radio Galega e a TVG, vulnerando os máis básicos principios democráticos e o dereito das galegas e galegos a recibir información imparcial, veraz e sen censuras.



Con esta Lei, que o PP aprobará pasando a apisoadora da súa maioría absoluta e amosando, máis unha vez, o seu talante absolutista e o seu nulo interese por chegar a acordos con ninguén, non só se garante un mecanismo para decidir a quen sitúa na

Dirección Xeral da Corporación. O máis grave é o novo atentado á nosa lingua ao abrir a posibilidade de que se emita programación en castelán so pretexto do seu suposto “interese xeral”, vulnerando o mandato que emana do Estatuto de Autonomía e da propia Lei de Creación da CRTVG.

O goberno galego e a propia dirección da Corporación ignoran tamén as denuncias do persoal diante do avance dos procesos de privatización e desmantelamento dos nosos medios públicos. As e os traballadores levan xa 30 xornadas de paros. O detonante foi a desaparición do programa “A Revista”, coproducido pola CRTVG e dúas empresas privadas, unha delas Papaventos TV, que nin sequera fai parte do sector audiovisual galego.

O Partido Popular quere culminar, neste intre, o seu férreo modelo de control executando o cambio na normativa mentres que a ILP que está en marcha, e que goza de grande respaldo social, pretende todo o contrario: democratizar os medios públicos e poñelos ao servizo do pobo.



**A XUNTA NON PODE CALAR TODO UN PAÍS**

**MANIFESTACIÓN ALTRI NON**

**DOMINGO 15 DE DECEMBRO**  
**COMPOSTELA**  
**ÁS 12H. DA ALAMEDA AO OBRADOIRO**